

Plan de ensino virtual ante a COVID-19



**CEIP SAN
XOÁN**

Rúa Castelo s/n 27640

BECERREÁ

Lugo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP SAN XOÁN. Becerreá
Castelo s/n
27640 Becerreá (Lugo)
Tel. e Fax: 982 360 406
ceip.sanxoan@edu.xunta.es



ÍNDICE

QUE ESTABLECE O PROTOCOLO XERAL?

OBXECTIVO

MEDIDAS ADOPTADAS EN FUNCIÓN DOS GRUPOS E NIVEIS

DIRIXIDO A

1. HORARIO ESPELLO
2. ACTIVIDADE LECTIVA A DISTANCIA
 - a) Instrucións a seguir
 - b) Identificar necesidades de formación
 - c) Realización de simulacións
 - d) Análise das necesidades de dispositivos entre o alumnado
 - e) Creación dos cursos na aula virtual
 - f) Matriculación do alumnado na aula virtual do centro
3. DISTRIBUCIÓN DE MEDIOS INFORMÁTICOS.
4. CONTROL E SEGUIMENTO DA ACTIVIDADE LECTIVA
5. QUE FACER SE SE DECRETA UN PECHE OU CONFINAMENTO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP SAN XOÁN. Becerreá
Castelo s/n
27640 Becerreá (Lugo)
Tel. e Fax: 982 360 406
ceip.sanxoan@edu.xunta.es



Que establece o protocolo xeral?

“As aulas virtuais utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia, cando menos, co alumnado de terceiro de Educación Primaria en diante e para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería. O seu uso en primeiro e segundo de Educación Primaria quedará a discreción do centro educativo”

“O centro elaborará un Plan de Continxencia, que será aprobado pola dirección do centro no que se establecerán as medidas en caso de suspensión da actividade lectiva, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria”

“O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma”

Neste sentido, o protocolo establece o ensino virtual como recurso en caso de corentena ou confinamento total. Cada centro educativo, no correspondente Plan de Continxencia, recolle as medidas precisas para desenvolver o ensino a distancia.

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario, que tamén realizará o seguimento do alumnado.

- A Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19. No seu artigo 3 establece que “A dirección do centro educativo, en coordinación co equipo docente do grupo de alumnos, elaborará un horario semellante ao que se está desenvolvendo na actualidade en réxime de presencialidade ou semipresencialidade, coa carga horaria que se estime pertinente para cada área, ámbitos, materia ou módulo, respectando un mínimo do 60% da carga lectiva de cada área, ámbito, materia, módulo establecido na normativa vixente,



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP SAN XOÁN. Becerreá
Castelo s/n
27640 Becerreá (Lugo)
Tel. e Fax: 982 360 406
ceip.sanxoan@edu.xunta.es



tendo en conta o esforzo que vai a supoñer para o alumnado e o profesorado o seguimento da actividade a través de medios telemáticas.

- No Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 establece que “Para garantir a continuidade, o centro establecerá unha planificación horaria de traballo do profesorado do grupo co alumnado que reflicta o establecido no modo presencial de xeito que se manteña o vínculo co alumnado do xeito máis coherente posible tendo en conta o medio virtual no que se desenvolve, de acordo co previsto na Resolución do 2 de novembro de 2020”

De acordo co anterior o CEIP San Xoán marca os seguintes obxectivos e establece as medidas que a seguir se relacionan de cara a regrar a actividade lectiva no caso de confinamento total ou parial.

Obxectivo

Proporcionar un sistema regrado e estable de docencia virtual que ofrezca ao alumnado en corentenas ou confinamentos totais ou parciais unhas rutinas similares ás do ensino presencial, garantindo:

- › a interacción entre alumnado e profesor
- › a realización de tarefas
- › a avaliación do progreso

Medidas adoptadas en función dos grupos e niveis

1. Desenvolvemento dun horario similar ao do ensino presencial, o chamado “horario espello”, empregando ferramentas de comunicación (correo electrónico, mensaxería das aulas virtuais,...) , aulas virtuais, sistemas de videoconferencia institucionais (webbex, Falemos,...), ferramentas E-dixgal e libros dixitais,... .
2. Instrucións a seguir no caso de peche ou confinamento.
3. Distribución de medios informáticos en función das necesidades do alumnado
Posta en marcha de mecanismos de avaliación e control do alumnado
Formación e información para o ensino a distancia

Dirixido a

Alumado de 3º de Primaria en diante



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP SAN XOÁN. Becerreá
Castelo s/n
27640 Becerreá (Lugo)
Tel. e Fax: 982 360 406
ceip.sanxoan@edu.xunta.es



1- HORARIO ESPELLO

Elaborarase un “horario espello” para a docencia a distancia, de obrigado cumprimento para alumnos e profesores e referencia para as familias que permite establecer un proceso formativo, avanzando nas programacións das áreas, e avaliando o proceso e as aprendizaxes adquiridas. Respetando a carga lectiva de cada área resérvase unha porcentaxe non inferior ao 60% do horario para a docencia virtual e o tempo restante para as tarefas a realizar por parte do alumnado. En función do número de alumnado de cada grupo e da materia a desenvolver o profesorado poderá establecer, dentro das horas asignadas, quendas para a atención mais individualizada do alumnado en grupos reducidos alternando entre estas explicación e traballo. A hora de titorías serán os luns de 16:30 a 17:30. O horario sinalado para o ensino non presencial coincide, necesariamente, co horario presencial coa finalidade de prever a atención do alumnado en confinamentos parciais.

HORARIO DE 3º CURSO DE PRIMARIA

3º PRIM.	Luns	Martes	Mérco.	Xoves	Venres
1ª SESIÓN 10:00-10:50	MATEMÁTI.	INGLÉS	MATEMÁTI.	MATEMÁTI.	LINGUA GALEGA
DESCANSO 10:50-11:10	<<<<<<	<<<<<<<<	<<<<<<<	<<<<<<<	<<<<<<
2ª SESIÓN 11:10-12:00	LINGUA CASTELÁ	LINGUA GALEGA	INGLÉS	LINGUA CASTELÁ	SOCIAIS
RECREO 12:00-12:30	<<<<<<<	<<<<<<<	<<<<<<<	<<<<<<<	<<<<<<
3ª SESIÓN 12:30-13:20	SOCIAIS	NATURAIS	LINGUA GALEGA	LINGUA GALEGA	TAREFAS
4ª SESIÓN 13:20-14:20	TAREFAS	TAREFAS	TAREFAS	TAREFAS	TAREFAS
COMIDA 14:20-15:30	<<<<<<<	<<<<<<<	<<<<<<<	<<<<<<<	
5ª SESIÓN 15:30-16:30	TAREFAS	TAREFAS	TAREFAS	TAREFAS	

Profesorado que imparte clase no grupo:

Marta Rodríguez Fernández : Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Lingua Galega e
Literatura, Lingua Castelá e Literatura,
Matemáticas, Plástica e Valores Cívicos e Sociais.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP SAN XOÁN. Becerreá
Castelo s/n
27640 Becerreá (Lugo)
Tel. e Fax: 982 360 406
ceip.sanxoan@edu.xunta.es



Óscar Méndez Sandiáñez : Educación Física

Alejandra Doval Santos: Educación Musical..

Gema Yáñez Dablanca: Inglés

María del Carmen Fernández Argíz: Relixión Católica.

HORARIO DE 4º CURSO DE PRIMARIA

4º prim.	Luns	Martes	Mérco.	Xoves	Venres
1ª SESIÓN 10:00- 10:50	LINGUA CASTELÁ	MATEMÁTI.	LINGUA CASTELÁ	LINGUA GALEGA	LINGUA GALEGA
DESCANSO 10:50- 11:10	<<<<<<<<<<<<<	<<<<<<<<<<<<<	<<<<<<<<<<<<<	<<<<<<<<<<<<<	<<<<<<<<<<<<<
2ª SESIÓN 11:10- 12:00	MATEMÁTI.	LINGUA CASTELÁ	NATURAIS	INGLÉS	SOCIAIS
RECREO 12:00- 12:30	<<<<<<<<<<<<<	<<<<<<<<<<<<<	<<<<<<<<<<<<<	<<<<<<<<<<<<<	<<<<<<<<<<<<<
3ª SESIÓN 12:30- 13:20	INGLÉS	LINGUA GALEGA	MATEMÁTI.	SOCIAIS	TAREFAS
4ª SESIÓN 13:20- 14:20	TAREFAS	TAREFAS	TAREFAS	TAREFAS	TAREFAS
COMIDA 14:20- 15:30	<<<<<<<<<<<<<	<<<<<<<<<<<<<	<<<<<<<<<<<<<	<<<<<<<<<<<<<	<<<<<<<<<<<<<
5ª SESIÓN 15:30- 16:30	TAREFAS	TAREFAS	TAREFAS	TAREFAS	

Profesorado que imparte clase no grupo:

María de Mar López Dafonte: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Lingua Galega e
Literatura, Lingua Castelá e Literatura,
Matemáticas, Plástica e Valores Cívicos e Sociais.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP SAN XOÁN. Becerreá
Castelo s/n
27640 Becerreá (Lugo)
Tel. e Fax: 982 360 406
ceip.sanxoan@edu.xunta.es



Óscar Méndez Sandiáñez : Educación Física

Alejandra Doval Santos: Educaicón Musical..

Gema Yáñez Dablanca: Inglés

María del Carmen Fernández Argíz: Relixión Católica.

HORARIO DE 5º CURSO DE PRIMARIA

5º prim.	Luns	Martes	Mérco.	Xoves	Venres
1ª SESIÓN 10:00-10:50	MATEMÁT.	MATEMÁT.	LINGUA GALEGA	INGLÉS	LINGUA CASTELÁ
DESCANSO 10:50-11:10	<<<<<<<<<<<<	<<<<<<<<	<<<<<<<<	<<<<<<<<	<<<<<<<<
2ª SESIÓN 11:10-12:00	INGLÉS	LINGUA CASTELÁ	MATEMÁT.	LINGUA GALEGA	NATURAIS
RECREO 12:00-12:30	<<<<<<<<<	<<<<<<	<<<<<<<<	<<<<<<<<	<<<<<<<<
3ª SESIÓN 12:30-13:20	LINGUA CASTELÁ	SOCIAIS	NATURAIS	SOCIAIS	TAREFAS
4ª SESIÓN 13:20-14:20	TAREFAS	TAREFAS	TAREFAS	TAREFAS	TAREFAS
COMIDA 14:20-15:30	<<<<<<<<<<	<<<<<<<<<	<<<<<<<<	<<<<<<<<	<<<<<<<
5ª SESIÓN 15:30-16:30	TAREFAS	TAREFAS	TAREFAS	TAREFAS	

Profesorado que imparte clase no grupo:

María de Mar López Dafonte: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Matemáticas, Plástica e Valores Cívicos e Sociais.

Óscar Méndez Sandiáñez : Educación Física

Alejandra Doval Santos: Educación Musical..

Gema Yáñez Dablanca: Inglés

María del Carmen Fernández Argíz: Relixión Católica.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP SAN XOÁN. Becerreá
Castelo s/n
27640 Becerreá (Lugo)
Tel. e Fax: 982 360 406
ceip.sanxoan@edu.xunta.es



HORARIO DE 6º CURSO DE PRIMARIA

6º primar.	Luns	Martes	Mérco.	Xoves	Venres
1ª SESIÓN 10:00-10:50	LINGUA CASTELÁ	LINGUA CASTELÁ	LINGUA GALEGA	LINGUA GALEGA	SOCIAIS
DESCANSO 10:50-11:10	<<<<<<<<<<<<<<<<<	<<<<<<<<<<<<<<<<<	<<<<<<<<<<<<<<<<<	<<<<<<<<<<<<<<<<<	<<<<<<<<<<<<<<<<<
2ª SESIÓN 11:10-12:00	MATEMÁT.	MATEMÁT.	MATEMÁT.	SOCIAIS	NATURAIS
RECREO 12:00-12:30	<<<<<<<<<<<<<<<<<	<<<<<<<<<<<<<<<<<	<<<<<<<<<<<<<<<<<	<<<<<<<<<<<<<<<<<	<<<<<<<<<<<<<<<<<
3ª SESIÓN 12:30-13:20	LINGUA GALEGA	INGLÉS	INGLÉS	NATURAIS	TAREFAS
4ª SESIÓN 13:20-14:20	<i>TAREFAS</i>	<i>TAREFAS</i>	<i>TAREFAS</i>	<i>TAREFAS</i>	<i>TAREFAS</i>
COMIDA 14:20-15:30	<<<<<<<<<<<<<<<<<	<<<<<<<<<<<<<<<<<	<<<<<<<<<<<<<<<<<	<<<<<<<<<<<<<<<<<	<<<<<<<<<<<<<<<<<
5ª SESIÓN 15:30-16:30	<i>TAREFAS</i>	<i>TAREFAS</i>	<i>TAREFAS</i>	<i>TAREFAS</i>	

Profesorado que imparte clase no grupo:

Óscar Méndez Sandiáñez : : Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Plástica e Valores Cívicos e Sociais. Educación Física

Alejandra Doval Santos: , Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura Educación Musical..

Gema Yáñez Dablanca: Inglés

Manuela Rodríguez Losada: Matemáticas

María del Carmen Fernández Argíz: Relixión Católica.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP SAN XOÁN. Becerreá
Castelo s/n
27640 Becerreá (Lugo)
Tel. e Fax: 982 360 406
ceip.sanxoan@edu.xunta.es



2- ACTIVIDADE LECTIVA A DISTANCIA

- A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas dispoñibles.
- Plataforma de videoconferencia institucional que permite a interacción en tempo real, compartir contidos e a realización de exercicios
- Aula virtual: espazos dixitais de traballo que permiten dispoñer dun espazo web online para organizar os contidos das unidades didácticas. Inclúese neste apartado as aulas virtuais E-dixgal de 5º e 6º (<https://eva.edu.xunta.gal/login/index.php>) e mais a aula virtual do centro:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanxoan/aulavirtual/>

Durante o peche ou confinamento o profesorado poderá impartir docencia no seu centro educativo ou no seu domicilio, no caso de dispoñer dos medios axeitados para realizar o servizo

- O profesorado e o alumnado do grupo deberán conectarse á hora que se establece no cadro horario. O momento da conexión debe establecerse coa antelación suficiente para o aproveitamento do período lectivo
- As tarefas para o alumnado asemellaranse o máximo posible ao sistema presencial, respectando o seu dereito ao lecer e ao descanso.

3- INSTRUCCIÓNS A SEGUIR:

a. Identificar necesidades de formación:

A dirección do centro promoverá as actividades de información e formación necesarias para que o alumnado poida utilizar con efectividade os medios telemáticos de comunicación co alumnado e as súas familias e a aula virtual, neste sentido a formación orientarase de xeito vertical de modo que dende o centro se formará aos equipos docentes e posteriormente serán estes quen es formes ao alumnado das súas áreas. Os/as mestres/as deberán asegurarse de que o alumnado conte coas competencias necesarias para o uso dos medios telemáticos que se vaian empregar, e poñer a disposición dos pais/nais ou representantes legais toda a información para que poidan apoiar ao alumnado no proceso.

Ofertouse o curso dende Fprofe “Actualización de ferramentas”. Os mestres/as que decidiron perfeccionar os coñecementos nesta materia están a participar nesta actividade de formación que se está a realizar on-line.

b. Realización de simulacións



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP SAN XOÁN. Becerreá
Castelo s/n
27640 Becerreá (Lugo)
Tel. e Fax: 982 360 406
ceip.sanxoan@edu.xunta.es



O profesorado de 3º curso en diante deberá de empregar a aula virtual do centro, o E-dixgal e/ou outras plataformas que ofertan as editoriais e acordos co libro de cada materia para o seguimento do seu alumnado en caso de confinamento. O profesorado de cada área realizará simulacións na aula de cara a comprobar o funcionamento da plataforma cos seu alumnado e ao tempo formar a estes no entorno virtual. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles, ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma. O profesorado terá previstas actividades on line de comprobación das aprendizaxes adquiridas de xeito que posibiliten o seguimento e avaliación continua do alumnado.

c) Análise das necesidades de dispositivos entre o alumnado:

Realizouse unha enquisa entre ás familias do CEIP San Xoán da cal se obtiveron uns datos provisionais. Os datos da enquisa serían empregados, de ser o caso e adaptados á realidade de cada momento e xunto coa información aportada polos/as titores/as para a solicitude de dispositivos á consellería. O centro educativo non dispón de ordenadores para o alumnado agás nos cursos E-dixgal.

d) Creación dos cursos na aula virtual.

Na actualidade están creados todos os cursos na aula virtual do centro

e) Matriculación do alumnado na aula virtual do centro.

A responsable Tic realizou a matriculación do alumnado en cada curso. Actualmente están creados todos os grupos de alumnado na aula virtual, e cada alumno xa ten asignado un usuario e un contrasinal que lles facilitou ao inicio de curso para a comprobación da súa correcta funcionalidade.

4. DISTRIBUCIÓN DE MEDIOS INFORMÁTICOS.

No caso dun hipotético confinamento, total ou parcial, o centro educativo solicitará á Inspección educativa, o mesmo día do peche o envío dos equipos informáticos necesarios para posibilitar o seguimento da docencia por parte do alumnado. A inspección trasladará á Amtega estas necesidades para a súa



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP SAN XOÁN. Becerreá
Castelo s/n
27640 Becerreá (Lugo)
Tel. e Fax: 982 360 406
ceip.sanxoan@edu.xunta.es



cobertura inmediata. Os equipamentos entregaranse ao centro educativo, que será o responsable da organización da entrega ás familias e posterior recollida.

- O material será repartido coa maior celeridade e organizarase unha reunión virtual nun horario que facilite a asistencia das familias para abordar o funcionamento da aula virtual.
- Unha vez superada a situación de confinamento ou peche do centro, no prazo máximo de 3 días o propio centro deberá recoller todos os equipos cedidos para o seu traslado aos servizos centrais. Unha vez recibidos, organizarase o envío dos mesmos ás familias seleccionadas. Os datos que o profesorado titor poida aportar serán tidos en consideración para priorizar o envío dos mesmos. O material sería repartido coa maior celeridade e organizarase unha reunión virtual nun horario que facilite a asistencia destas familias para abordar o funcionamento da aula virtual.

5. CONTROL E SEGUIMENTO DA ACTIVIDADE LECTIVA.

O titor ou titora de cada alumno informará aos pais, nais ou tutores legais do alumnado menor de idade das normas que se establezan polo centro para esta modalidade de ensino-aprendizaxe así como do control de asistencia.

- Control de asistencia:

Establecerase diariamente polo/a mestre/a mediante a anotación na plataforma de xestión XADE. A non asistencia ás clases virtuais terá a mesma consideración de “falta” ca se se tratase dun ensino presencial. Pola mesma razón, as familias deberán de xustificar as faltas do alumnado no ensino virtual. O medio telemático para a xustificación das faltas será o abalarmobil ou por mensaxe ao correo.

- Control da avaliación:

A dirección do CEIP San Xoán, a través do Xefe de estudos, requerirá ao final de cada semana, unha relación daquelas actividades que realizou o profesorado co alumnado no horario establecido. O/A mestre/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido a materia ou a avaliación continua da mesma. O profesorado terá previstas actividades on-line de comprobación das aprendizaxes adquiridas de xeito que posibiliten o seguimento e avaliación continúa do alumnado. O orientador do centro velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade e coordinará a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP SAN XOÁN. Becerreá
Castelo s/n
27640 Becerreá (Lugo)
Tel. e Fax: 982 360 406
ceip.sanxoan@edu.xunta.es



6. QUE FACER SE SE DECRETA UN PECHE OU CONFINAMENTO

O mesmo día do peche a dirección do centro enviará unha comunicación a través da aplicación abalarMóbil e publicará unha nova na web do centro. Ademais, os titores/as habilitarán na aula virtual do centro os recursos e actividades iniciais de cada materia e trasladarán orientacións ás familias, todo isto nos casos nos que non estivese feito xa de antemán. O titor/a porase en contacto coas familias nas 24 horas seguintes para comezar o ensino non presencial o antes posible e co horario establecido neste documento.

En lugo a 24 de novembro de 2020